nota de prensa

# "ESCOLA ABERTA" VISITA Ó CESGA

**Santiago de Compostela, venres 22 de Xullo de 2010.-** Os alumnos do obradoiro de *Novas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións* do Programa "Escola Aberta" que organiza cada ano a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, visitaron na mañá de hoxe as instalacións do Centro de Supercomputación de Galicia para coñecer de primeira man os servicios de computación e comunicacións avanzadas que o centro presta a comunidade científica galega e do CSIC.

Os alumnos, menores de 35 anos e procedentes países como Arxentina, Venezuela, Uruguai, Brasil, Cuba, e outros países americanos e europeos, estiveron acompañados polo Profesor Gonzalo Núñez. No CESGA os recibiu o Director do Centro, Javier García Tobío, quen lles explicou as características e usos científicos dos supercomputadores aquí instalados, O FinisTerrae e o Supercomputador Virtual Galego, SVG, así como os proxectos internacionais nos que o CESGA está a participar e os Servicios de Comunicacións Avanzadas que inclúen o despregamento da nova Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, RECETGA Nova e a nova Rede de Ciencia e Tecnoloxía Española, RedIRIS Nova.

**O CESGA**

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é un organismo cunha traxectoria de 17 anos. O seu obxecto é fomentar e difundir servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como a aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

Mais información:
www.cesga.es
http://www.galiciaaberta.com/

Contacto:
Dep. de Promocion e Comunicación
promocion@cesga.es
Tlfn. 981 569 810